

Actividade	Curso de Formación		Código:	PFOIX/010
Título	É tempo de coidados			
Destinatarios	PDI			
Requisitos				
Duración	15 horas			
Datas e Horario	14, 15, 16, 21, 22 e 23 de setembro de 17:00 a 19:00 e 3 horas de traballo práctico online			
Lugar / Modalidade	CUFIE	Online, plataforma Teams		
Prazas	20			

Obxectivos

- Reflexionar sobre a centralidade que outorgamos ao mercado e á esfera produtiva, fronte á vida e a esfera de coidados.
- Cuestionar grandes dogmas que asumimos sen a necesaria valoración dos seus impactos e das renuncias que levan parellas.
- Buscar incorporar unha mirada en torno ás diferentes dimensións do coidado –o autocoidado, os coidados relacionais e o bo trato– situando o coidado da vida, de nós mesmas, das persoas e da natureza, no centro.
- Explorar o botrato como contraposición ao maltrato, identificando as violencias de xénero e abordando as causas e elementos que permiten o seu mantemento, estreitamente relacionadas coa estrutura social na que nos movemos e o modelo de socialización que comporta, apelando á necesidade dese cambio de modelo.

Contidos

- A centralidade do mercado fronte a vida.
- Dogmas da insostibilidade
- A centralidade do masculino. A socialización en xénero.
- Nomeamos e visibilizamos as violencias de xénero
- A mirada feminista e os coidados relacionais
- A importancia do autocoidado

Metodoloxía

Desenvólvese de forma online, a través da plataforma Teams.

Combínase a exposición de contidos con traballo en pequeno grupo, así como traballo autónomo fóra das sesións de clase.

Cada sesión consta de:

- Vídeo explicativo, no que trasladar as ideas principais desa sesión.
- Sesión grupal de explicación online dos contidos e das actividades asociadas.
- Actividades grupais, a desenvolver a través dos grupos do Teams, no horario marcado para o curso.
- Actividades individuais a desenvolver fóra do horario.
- Vídeo de presentación de referencias bibliográficas e audiovisuais.

Profesorado

Nome: Jennifer Santín Vivero e María Barba Núñez